

Poxa de aproveitamentos madeirables

A Asociación Forestal de Galicia anuncia a convocatoria dunha poxa de aproveitamentos madeirables dun total de 1 lote na Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Randufe (Tui), que se relacionan de seguido:

LOTE	MONTE	CONCELLO	LUGAR	ESPECIE	PÉS/Ha A EXTRAER	SUPERFICIE (Ha)	PREZO BASE (€/Tm)	OBSERVACIÓNS
Randufe 2/2021	Veciñal de Randufe	Tui	Rodal 28.02	<i>Pinus pinaster</i>	279	2,02	26,00	Clara selectiva Certificado PEFC e FSC. Restos de corta deberán ser estelados ou triturados.
			Rodal 30.01	<i>Pinus pinaster</i>	237	3,45		
			Rodal 30.02	<i>Pinus pinaster</i>	279	0,25		
			Rodal 30.03	<i>Pinus pinaster</i>	150	1,79		
			Rodal 33.01	<i>Pinus pinaster</i>	237	0,54		
			Rodal 33.02	<i>Pinus pinaster</i>	279	3,03		

Os tipos base de licitación son os indicados no cadro anterior, non admitíndose ofertas por debaixo dos valores. Establécese ademais un prezo índice (superior ó prezo base) para cada lote que se reserva a parte vendedora, e que figurará no seu sobre pechado que será aberto simultaneamente coas plicas de oferta. A mesa de adxudicación resolverá no acto se procede ou non a adxudicación provisional dos lotes subastados.

O prego de condicións atópase dispoñible na oficina da Asociación Forestal de Galicia no Centro Cultural Xinzo en Pontearreas.

Cada licitador presentará un sobre pechado individual para cada oferta coa proposición económica formalizada segundo modelo que se facilitará ós interesados e acompañando copia do seu DNI.

A apertura de plicas, levarase a cabo **venres día 10 de decembro de 2021 ás 20:00 horas no Centro Cultural de Randufe (Tui)**. A asistencia persoal dos licitadores á poxa é requisito necesario para poder ser adxudicados os lotes.

Presentación de ofertas: as ofertas presentaranse dende o día 7 de decembro ata o día 10 de decembro de 2021, na oficina da Asociación Forestal de Galicia, sita no Centro Cultural de Xinzo (Pontearreas), en horario de 9:00 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00 h.

Establécese unha fianza de 2.500 €. Esta fianza farase efectiva no acto de adxudicación provisional.

A madeira obxecto de corta será liquidada mensualmente mediante a presentación dos tickets oficiais de camiións en fábrica de cada un dos destinos que teña a madeira, onde como mínimo figurará a data de entrada do camiión a fábrica, o peso de entrada, a tara do camiión, así como a matrícula do camiión e do remolque.

Na apertura das plicas permitirase un receso de 10 minutos no caso de non atoparse presentes todos os licitadores.

- A información das persoas responsables de amosar a localización do lote e outros datos é:
 - **CMVMC de Randufe: Javier 650.601.842**

Os licitadores polo mero feito de presentarse a poxa sométense e aceptan expresamente todas as condicións xerais e do aproveitamento descritas no prego de condicións polo que se rexe a mesma, e que se poderá solicitar no mesmo lugar de presentación das plicas.

En Pontearreas, a 8 de novembro de 2021



José Manuel Regueiro Fernández
Enxeñeiro Técnico Forestal

MODELO DE PROPOSICIÓN

D., maior de idade con D.N.I.:
(fotocopia adxunta), actuando en nome de
con C.I.F.:e domicilio social en provincia de
..... ben enterado e aceptando os pregos de condicións e demais
documentos relativos a poxa que se celebrará o día 10 de decembro de 2021 ás 20:00
horas no Centro Cultural de Randufe (Tui).

OFRECE polo lote nº ____ do monte de _____ a cantidade (en letra)
.....euros
(en número) €.

Ena de de 2021